



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 404
27 de decembro de 2018



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 41639 (10/MOC-000120)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Lago Peñas, José Manuel

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co emprego da industria do automóbil. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 40351, publicada no BOPG nº 386, do 21.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 4.12.2018) [136734](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 41511 (10/MOC-000118)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Política Agraria Común para o período 2021-2017. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 40091, publicada no BOPG nº 386, do 21.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2018) [136734](#)

I 41551 (10/MOC-000119)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sanidade pública de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 39327, publicada no BOPG n. 378, do 31.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2018) [136735](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

I 41145 (10/PNP-003108)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas AG-55 e AG-57, así como as demandas que debe realizar ao Ministerio de Fomento en relación coas peaxes e o financiamento das obras nas autoestradas AP-53 e AP-9 [136735](#)

Aprobación con modificacións

I 5566 (10/PNP-000470)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da cesión dos espazos axeitados no mercado de Santa Lucía para prestar asistencia sanitaria aos usuarios do Centro de Saúde Federico Tapia

[136736](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 31022 (10/PNP-002298)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de execución da autovía do Atlántico no traxecto A Coruña-O Porriño, o destino dos orzamentos previstos para ese fin ao rescate da AP-9 e a elaboración dun estudo para o seu reforzo, así como o cumprimento do acordo parlamentario referido ao incremento das frecuencias e adaptación dos horarios do servizo ferroviario do eixe atlántico, a redución do prezo dos billetes nel e o inicio dos trámites para o rescate da concesión da AP-9

[136736](#)

I 40364 (10/PNP-003033)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego nas bases reguladoras reflectidas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, así como a que debe aplicar na resolución que dite para ese fin para o ano 2019

[136736](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 32796 (10/PNP-002475)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, antes do ano 2020, dun estudo específico respecto do financiamento e implantación da renda básica universal en Galicia

[136737](#)

I 34510 (10/PNP-002591)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego en relación coa demanda de profesionais no Sergas, especialmente nos puntos de atención continuada

[136738](#)

I 38833 (10/PNP-002892)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas medidas de minoración dos impostos anunciadas para a compra de vivenda habitual usada, así como para a xente moza, familias numerosas e persoas con discapacidade [136738](#)

I 41089 (10/PNP-003101)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intervencións e as obras denunciadas nos Camiños Primitivo e Francés polas distintas asociacións de defensa dos camiños de Santiago, así como cos proxectos e as obras de acondicionamento e mellora que se realicen no Camiño

[136738](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Rexeitamento da iniciativa

I 39553 (10/PNC-003179)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre a convocatoria por parte do Goberno galego da Comisión de seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo, así como a inclusión na orde do día da solicitude de integración presentada polo Concello de Gondomar para o seu tratamento e aprobación [136738](#)

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Aprobación con modificacións

I 40055 (10/PNC-003225)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis

Sobre a consolidación e desenvolvemento pola Xunta de Galicia de todas as medidas de apoio necesarias para incentivar a contratación dos seguros agrarios [136739](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 38150 (10/PNC-003056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre a oferta do Goberno galego aos novos gandeiros e gandeiras incorporados á actividade de cría de ovino e cabrún da totalidade dos módulos de teleformación que completan as horas exixidas na orde de axudas do segundo pilar da Política Agraria Común, destinada ás zonas con limitacións naturais, así como a creación dunha escola de pastores e pastoras de ovino e cabrún que regule a formación e capacite para o desenvolvemento dese tipo de actividades [136739](#)

I 40502 (10/PNC-003272)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a rehabilitación e traspaso ao Concello da titularidade do Centro Comarcal e da antiga Casa do Pobo, do Carballiño [136740](#)

Rexeitamento da iniciativa**I 40138 (10/PNC-003237)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Fernández, Raúl e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras [136740](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos**1.5.1. De ámbito autonómico galego****1.5.1.1. Valedor do Pobo****1.5.1.1.3. Resolucións do Valedor do Pobo**

Resolución da valedora do pobo, do 27 de decembro de 2018, pola que se aproban as normas reguladoras do réxime retributivo na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Institución do Valedor do Pobo [136741](#)

Resolución da valedora do pobo, do 27 de decembro de 2018, pola que aproban as normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da institución do Valedor do Pobo [136743](#)

4. Informacións e correccións de erros**4.1. Informacións**

Convocatoria para a implantación da carreira profesional do persoal funcionario ao servizo do Valedor do Pobo [136751](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

O Pleno do Parlamento, na sesión do 18 de decembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 41639 (10/MOC-000120)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Lago Peñas, José Manuel

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co emprego da industria do automóbil. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 40351, publicada no BOPG nº 386, do 21.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 4.12.2018)

BOPG nº 397, do 13.12.2018

Sométese a votación por puntos co seguinte resultado:

Puntos 6 e 7: aprobados pola unanimidade dos 68 deputados e deputadas presentes.

Puntos restantes: rexeitados por 32 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

1. Instar o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo a desenvolver un novo plan de competitividade do automóbil que teña o foco en Galicia en porcentaxe, como mínimo, similar á súa capacidade produtiva.

2. Poñer en marcha de maneira inmediata, en colaboración coas asociacións do sector, unha estratexia de colaboración coas empresas do sector automobilístico galego para garantir a súa presenza importante na convocatoria do Programa Reindus, dotado con 400 millóns de euros cuxo prazo remata o 31 de xaneiro de 2019.»

Rexeitamento da iniciativa

- 41511 (10/MOC-000118)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Política Agraria Común para o período 2021-2017. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 40091, publicada no BOPG nº 386, do 21.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2018)

BOPG nº 397, do 13.12.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

- 41551 (10/MOC-000119)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sanidade pública de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 39327, publicada no BOPG n. 378, do 31.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2018)

BOPG nº 397, do 13.12.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 41145 (10/PNP-003108)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas peaxes das autoestradas AG-55 e AG-57, así como as demandas que debe realizar ao Ministerio de Fomento en relación coas peaxes e o financiamento das obras nas autoestradas AP-53 e AP-9

BOPG nº 394, do 05.12.2018

Sométese a votación e resulta aprobada por 54 votos a favor, ningún voto en contra e 19 abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Desenvolver as bonificacións horarias nas peaxes das autoestradas de titularidade autonómica AG-55 e AG-57, ao obxecto de que os cidadáns se poidan beneficiar canto antes destas reducións nas tarifas, dispoñendo os recursos orzamentarios necesarios para a súa aplicación, no vindeiro ano.

2. Elaborar, no menor tempo posible e como ten comprometido, unha proposta de medidas para reducir o impacto das peaxes da AP-9, dándolle traslado do dito estudo ao Ministerio de Fomento, co obxecto de que este poida valoralas, xunto coas outras posibles medidas de flexibilización que poida propoñer o Ministerio, e negociarlas coa concesionaria de cara á súa implantación a curto prazo.

3. Solicitar ao Ministerio a posibilidade de trasladar a flexibilización de peaxes que determine tamén á outra autoestrada de titularidade estatal, a AP-53.

4. Insistir ante o Ministerio de Fomento que ratifique o compromiso adquirido polo anterior Goberno de España de que as futuras obras na AP-9 non se financiarán con cargo a novas subas de peaxe, senón a través dos Orzamentos Xerais do Estado e que cumpra, coa maior brevidade, o compromiso de liberalizar a peaxe de Redondela, unha demanda unánime do Parlamento galego.»

Aprobación con modificacións

- 5566 (10/PNP-000470)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Concello da Coruña da cesión dos espazos axeitados no mercado de Santa Lucía para prestar asistencia sanitaria aos usuarios do Centro de Saúde Federico Tapia BOPG nº 75, do 01.03.2017

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por votos a favor 59, ningún voto en contra e 14 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Concello da Coruña a cesión dos espazos no mercado de Santa Lucía para facer o novo centro de saúde nese lugar como solicitan os veciños, e que se realice á maior brevidade garantindo as asignacións orzamentarias necesarias.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 31022 (10/PNP-002298)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de execución da autovía do Atlántico no traxecto A Coruña-O Porriño, o destino dos orzamentos previstos para ese fin ao rescate da AP-9 e a elaboración dun estudo para o seu reforzo, así como o cumprimento do acordo parlamentario referido ao incremento das frecuencias e adaptación dos horarios do servizo ferroviario do eixe atlántico, a redución do prezo dos billetes nel e o inicio dos trámites para o rescate da concesión da AP-9 BOPG nº 309, do 23.05.2018

Sométese a votación o texto transaccionado, e resulta aprobado con modificacións pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que inste o Ministerio de Fomento a:

1. Que se execute o acordo acadado no Parlamento de Galicia para incrementar as frecuencias e axustar os horarios no servizo ferroviario do Eixo Atlántico.
2. Mudar a política tarifaria de Renfe no Eixo Atlántico, para aplicar unha redución do prezo dos billetes.»

- 40364 (10/PNP-003033)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego nas bases reguladoras reflectidas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, así como a que debe aplicar na resolución que dite para ese fin para o ano 2019

BOPG nº 386, do 21.11.2018

Sométese a votación o texto transaccionado, e resulta aprobado con modificacións pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Modificar as bases reguladoras reflectidas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, de cara a incluír como beneficiarias as mulleres vítimas de violencia vicaria ou violencia por 'interpósita persona' con resultado de morte, por ser este o dano máis extremo que pode exercer o maltratador cara a unha muller: asasinar os fillos/as.

2. Modificar as bases reguladoras recollidas na Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola lei 12/2016, do 22 de xullo de cara a incluír a creación dun novo tramo que inclúa aquelas mulleres con renda >_ 1,5 veces IPREM e <_ 2 veces IPREM como punto de partida, engadindo as posibles situacións complementarias (menores a cargo, discapacidade e dependencia) xa recollidas nas bases reguladoras e que tome como punto de partida a contía de 200 euros.

3. Aplicar o recollido nos puntos anteriores na Resolución pola que se convoque a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 xullo, de xeito que se faga efectivo na convocatoria de 2019.» □

Rexeitamento da iniciativa

- 32796 (10/PNP-002475)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, antes do ano 2020, dun estudo específico respecto do financiamento e implantación da renda básica universal en Galicia

BOPG nº 328, do 28.06.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.

- 34510 (10/PNP-002591)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego en relación coa demanda de profesionais no Sergas, especialmente nos puntos de atención continuada

BOPG nº 349, do 31.08.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

- 38833 (10/PNP-002892)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas medidas de minoración dos impostos anunciadas para a compra de vivenda habitual usada, así como para a xente moza, familias numerosas e persoas con discapacidade

BOPG nº 375, do 24.10.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.

- 41089 (10/PNP-003101)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intervencións e as obras denunciadas nos Camiños Primitivo e Francés polas distintas asociacións de defensa dos camiños de Santiago, así como cos proxectos e as obras de acondicionamento e mellora que se realicen no Camiño

BOPG nº 394, do 05.12.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor e 40 en contra.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 20 de decembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 39553 (10/PNC-003179)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre a convocatoria por parte do Goberno galego da Comisión de seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo, así como a inclusión na orde do día da solicitude de integración presentada polo Concello de Gondomar para o seu tratamento e aprobación
BOPG nº 380, do 06.11.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 21 de decembro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación con modificacións

- 40055 (10/PNC-003225)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis

Sobre a consolidación e desenvolvemento pola Xunta de Galicia de todas as medidas de apoio necesarias para incentivar a contratación dos seguros agrarios. (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 383, do 14.11.2018

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 9 votos a favor, 0 votos en contra e 3 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a consolidar e desenvolver cantas medidas de apoio sexan precisas para incentivar a contratación dos seguros agrarios, co obxectivo de adaptalos á realidade na estrutura produtiva e avanzar no proceso de inclusión en todo o sector primario de Galicia.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 38150 (10/PNC-003056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre a oferta do Goberno galego aos novos gandeiros e gandeiras incorporados á actividade de cría de ovino e cabrún da totalidade dos módulos de teleformación que completan as horas exixidas na orde de axudas do segundo pilar da Política Agraria Común, destinada ás zonas con limitacións naturais, así como a creación dunha escola de pastores e pastoras de ovino e cabrún que regule a formación e capacite para o desenvolvemento dese tipo de actividades

BOPG nº 368, do 10.10.2018

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a estudar a posibilidade de crear unha escola de capacitación de pastores de ovino e cabrún no ano 2019, como se fai noutras comunidades autónomas como Estremadura, Aragón ou Valencia, que regule a formación para o futuro desenvolvemento das actividades dos nosos gandeiros/as de ovino e cabrún coa implicación do sector aproveitando as redes de centros de formación e investigación da Axencia Galega de Calidade Alimentaria.»

- 40502 (10/PNC-003272)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a rehabilitación e traspaso ao Concello da titularidade do Centro Comarcal e da antiga Casa do Pobo, do Carballiño

BOPG nº 390, do 28.11.2018

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. A retomar as negociacións co Concello do Carballiño sobre o Centro Comarcal, titularidade da xunta de Galicia, hoxe deteriorado e en situación de semiabandono, para poñelo en valor e convertelo nun centro real de dinamización local e comarcal.

2. Dilucidar a propiedade actual da antiga Casa do Pobo para que sexa susceptible de ser rehabilitada e poder así darlle un uso social municipal.»

Rexeitamento da iniciativa

- 40138 (10/PNC-003237)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras

BOPG nº 386, do 21.11.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.1. Valedor do Pobo

1.5.1.1.3. Resolucións do Valedor do Pobo

Resolución da valedora do pobo, do 27 de decembro de 2018, pola que se aproban as normas reguladoras do réxime retributivo na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Institución do Valedor do Pobo

De conformidade co disposto no artigo 26 do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, aprobado pola Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia con data do 16 de xaneiro de 2018 e publicado por Resolución do 22 de xaneiro, o persoal ao servizo do Valedor do Pobo estruturarase, para efectos retributivos, nos grupos correspondentes aos do Parlamento de Galicia, sen prexuízo das especialidades propias aplicables ao persoal da Cámara.

A Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión celebrada o 17 de decembro de 2018, e conforme o disposto no artigo 70 EPPG, aprobou o acordo da Mesa de negociación da Administración do Parlamento de Galicia subscrito o 27 de novembro e 14 de decembro de 2018 no que se negociou o réxime retributivo na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia e aprobou a correspondente disposición administrativa.

De acordo co anterior, e en virtude do disposto nos artigos 10.1 e 12.2 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, RESOLVO:

1. Aprobar as Normas reguladoras do réxime retributivo na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Institución do Valedor do Pobo, que se insiren a continuación.
2. Remítalas para a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Normas reguladoras do réxime retributivo na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Institución do Valedor do Pobo

Na disposición quincuaxésimo cuarta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado, establécese que a administración pública poderá determinar, previa negociación colectiva, as retribucións a percibir polo persoal ao seu servizo, en situación de incapacidade temporal e as regras do complemento retributivo que pode chegar ata un máximo do 100 % das súas retribucións, básicas e complementarias, correspondentes ás súas retribucións do mes de inicio da incapacidade temporal.

De conformidade coas competencias que me atribúe a Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e o Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, o réxime retributivo na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Institución do Valedor do Pobo será o que figura a continuación.

Artigo 1. *Persoal incluído no réxime xeral da Seguridade Social*

O complemento retributivo de todo o persoal ao servizo da Institución do Valedor do Pobo incluído no réxime xeral da Seguridade Social, desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, alcanzará o cen por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.

Artigo 2. *Persoal incluído no réxime de mutualismo administrativo*

Para todo o persoal funcionario ao servizo da Institución do Valedor do Pobo incluído no réxime de mutualismo administrativo e en situación de incapacidade temporal, as retribucións a percibir durante o período que non comprenda a aplicación do subsidio por incapacidade temporal previsto no devandito réxime serán do cen por cento das básicas e complementarias correspondentes ás súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal. Observarase o previsto na súa actual normativa reguladora para o período de tempo no que xa se aplique o subsidio por incapacidade temporal previsto no réxime de mutualismo administrativo. Isto sen prexuízo de ter en conta as variacións establecidas por lei en cada exercicio ou derivadas, de ser o caso, de mudar o posto ou do cumprimento de trienios.

Artigo 3. *Xustificación das inasistencias*

1. Nas inasistencias por enfermidade de duración non superior a tres días abondará nun primeiro momento a comunicación inmediata á xefatura do Servizo de Administración e Persoal tan pronto sexa posible e con anterioridade ao inicio da súa xornada, salvo causa xustificada que o impidise. Esta comunicación será obrigatoria e deberá facerse ou telefonicamente ou por correo electrónico.

Tal comunicación é independente da posterior xustificación, polo que unha vez reincorporado ao seu posto de traballo, deberá presentarse xustificación médica documental oportuna desa enfermidade, polo que non será válida para estes efectos a simple declaración documental da persoa afectada.

2. Considéranse, polo tanto, inasistencias ao traballo susceptibles de dedución de retribucións as ausencias por enfermidade inferior a tres días que non estean debidamente xustificadas mediante a presentación de xustificante documental expedido indistintamente polo facultativo correspondente do servizo público de saúde ou da mutua. Isto sen prexuízo de ter en conta as variacións establecidas por lei en cada exercicio ou derivadas, de ser o caso, de mudar o posto ou do cumprimento de trienios.

Disposición derradeira primeira. *Resolución do Valedor do Pobo en aplicación do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 31 de decembro de 2012 polo que se aproban as Normas polas que se determinan criterios de xestión sobre medidas en materia de complementos de incapacidade temporal*

Queda sen efecto, como acto administrativo, a Resolución do Valedor do Pobo en aplicación do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 31 de decembro de 2012 polo que se aproban as Normas polas que se determinan criterios de xestión sobre medidas en materia de complementos de incapacidade temporal.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Estas normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2018

Milagros Otero Parga
Valedora do pobo

Intervido e conforme,
Carolina Costoya Pardo
Interventora do Parlamento e do Valedor do Pobo

Resolución da valedora do pobo, do 27 de decembro de 2018, pola que aproban as normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da institución do Valedor do Pobo

O persoal ao servizo do Valedor do Pobo réxese, en materia de persoal e de conformidade co establecido non artigo 10 do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, polo Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia e, no non previsto neste, de acordo coa súa disposición derradeira segunda e sempre que resulte compatible co regulado neles, supletoriamente pola normativa da función pública de Galicia e a do Estado, por esta orde.

O Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, aprobado o 29 de novembro de 2007, de conformidade co establecido no artigo 152 da Constitución, recolle no seu capítulo VII a carreira, promoción profesional e a avaliación do desempeño. A carreira profesional enténdese como o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme os principios de igualdade, mérito e capacidade. A carreira horizontal dos empregados públicos é o recoñecemento individualizado do desenvolvemento profesional acadado polo persoal funcionario como consecuencia da evolución da súa traxectoria e actuación profesionais, da calidade dos seus traballos, dos coñecementos adquiridos e do resultado da avaliación do desempeño. Avaliación que se recolle no artigo 41 do Estatuto de persoal, polo que a Administración debe establecer sistemas obxectivos que permitan avaliar a conduta profesional, o rendemento e a consecución de resultados. Do mesmo xeito que o artigo 52.3.c) regula o complemento destinado a retribuír, entre outros, o interese ou a iniciativa coa que se desenvolve o traballo.

A previsión da existencia dunha carreira profesional horizontal está tamén recollida no artigo 17 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, igual que a adaptación para o persoal das administracións públicas galegas incluídas dentro do seu ámbito de aplicación se recolle na Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, que regula nos seus artigos 75 e seguintes a promoción profesional e a avaliación por desempeño e recolle o complemento de desempeño que, segundo o artigo 137, é o que retribúe o grao de interese, iniciativa e esforzo cos que o persoal funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento ou resultados obtidos, valorados de forma obxectiva a través do seu procedemento de avaliación.

A incorporación dun sistema de carreira profesional ten sido unha aspiración do persoal desta institución ao considerar que é unha forma de superar os límites que unha administración de reducidas dimensións ten fronte a outras modalidades de promoción, que permite avaliar a experiencia e o coñecemento que se pode desenvolver no posto de traballo que se desempeña. A carreira profesional é, polo tanto, un estímulo para o persoal ao servizo do Valedor do Pobo e para a propia institución en canto permite premiar o avance nos niveis de profesionalidade e incrementar o coñecemento experto.

A Mesa do Parlamento de Galicia acordou, con data do 17 de decembro de 2019, aprobar as normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia. De conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, o persoal ao servizo do Valedor do Pobo considérase persoal ao servizo do Parlamento mentres permaneza no exercicio das súas funcións, polo que se opta por unha regulación similar á da institución parlamentaria, que regula a súa avaliación do desempeño na que se recolle as súas singularidades tanto administrativas coma normativas e se implanta un sistema de progresión en graos, grao inicial e catro graos, mediante o ascenso consecutivo a cada un deles. Para solicitar o ascenso ao grao superior, requírirase un tempo mínimo de exercicio profesional no grao inmediatamente inferior así como superar a avaliación da súa conduta profesional, medindo o desenvolvemento e a transferencia de coñecementos; e así mesmo avaliarase tanto a formación recibida relacionada coa práctica profesional coma a participación e colaboración na docencia en materias relacionadas coas funcións desempeñadas, e en particular a colaboración en actividades desvoltas na Institución do Valedor do Pobo. A formación é obxecto de especial atención ao entender que a iniciativa e disposición a participar en actividades formativas repercuten na mellora da prestación dos servizos e a reciclaxe e permanente actualización dos coñecementos contribúe a mellorar a eficacia e a eficiencia da xestión do servizo público e, polo tanto, resulta fundamental para acadar unha mellora da súa calidade.

A formación deberá complementarse, entre outras, coas seguintes áreas de avaliación:

- o cumprimento de obxectivos, no que se terán en conta o logro dos obxectivos da institución, a súa implicación e contribución individual á consecución deles e o grao dos obxectivos individuais que teña asignados;
- a profesionalidade no exercicio das tarefas asignadas, e
- a iniciativa e contribución para a mellora da prestación das tarefas asignados ao seu servizo.

A avaliación das anteriores áreas efectuarase conforme o oportuno baremo, que deberá conter as disposicións de desenvolvemento desta norma.

Estas normas teñen, por tanto, por obxecto regular o sistema de carreira profesional horizontal do persoal ao servizo do Valedor do Pobo ao tempo que establecen, con carácter extraordinario e por unha soa vez, que o acceso do persoal afectado se levará a cabo mediante a aplicación exclusiva do criterio do tempo de servizos prestados na data da convocatoria desta implantación extraordinaria xunto a exixencia dun número de horas de formación.

En virtude das atribucións que me confire o artigo 7 do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, aprobado pola Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia en

sesión celebrada o 16 de xaneiro de 2018, e publicado por Resolución do 22 de xaneiro de 2018, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto*

Estas normas teñen por obxecto regular a carreira profesional horizontal do persoal ao servizo da Institución do Valedor do Pobo.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

O sistema de carreira profesional horizontal será de aplicación ao persoal funcionario de carreira e funcionario interino ao servizo da Institución do Valedor do Pobo en situación de servizo activo ou en calquera das situacións que comporten reserva de praza ou posto de traballo.

Artigo 3. *Carreira profesional horizontal*

1. O persoal ao servizo da Institución do Valedor do Pobo ten dereito á carreira profesional horizontal nos termos do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia (EPPG) e normas de desenvolvemento.

2. A carreira profesional horizontal consiste na progresión profesional individualizada do persoal en virtude dos coñecementos adquiridos no desenvolvemento das súas funcións mediante a adquisición do grao de carreira profesional correspondente, sen necesidade de cambiar de posto de traballo.

3. A progresión na carreira profesional será voluntaria, individual, de acceso consecutivo e gradual no tempo, avaliable, transparente e, ademais, retribuída.

4. O recoñecemento dos graos de carreira profesional serán, con carácter xeral, irreversibles e consolidados para todos os efectos. Como excepción, perderá un grao de carreira profesional quen sexa sancionado ou sancionada, con carácter firme, pola comisión dunha falta disciplinaria grave ou moi grave.

5. Poderá presentarse nova solicitude, para acceder ao grao perdido, unha vez transcorrido un ano dende a súa perda.

6. O sistema fundaméntase na formación e na avaliación, dos méritos do persoal interesado

Artigo 4. *Estrutura, requisitos e graos da carreira profesional horizontal*

1. A carreira profesional horizontal estrutúrase nun grao inicial e catro graos persoais consecutivos que definen o nivel de formación profesional acadado polas empregadas e os empregados públicos dentro de cada grupo de clasificación e a superación da correspondente avaliación.

2. A carreira profesional do persoal incluído no ámbito de aplicación das presentes normas iníciase no grao inicial, que non comporta retribución, e realízase de forma automática desde a toma de posesión como persoal funcionario ao servizo do Valedor do Pobo, salvo renuncia expresa á súa incorporación.

3. Para poder perfeccionar os distintos graos de carreira profesional retribuídos, a empregada pública e o empregado público deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Grao de carreira profesional I: cinco anos de permanencia no grao inicial, e as seguintes horas de formación: 90 horas para o grupo A; 80 horas para o grupo B; 60 horas para o grupo C, e 60 horas para o grupo D/E, e avaliación favorable.

b) Grao de carreira profesional II: cinco anos de permanencia no grao persoal I e e as seguintes horas de formación: 95 horas de formación para o grupo A; 85 horas para o grupo B; 65 horas para o grupo C, e 65 horas para o grupo D/E, e avaliación favorable.

c) Grao de carreira profesional III: cinco anos de permanencia no grao persoal II e as seguintes horas de formación: 115 horas para o grupo A; 105 horas para o grupo B; 95 horas para o grupo C, e 70 horas para o grupo D/E, e avaliación favorable.

d) Grao de carreira profesional IV: seis anos de permanencia no grao persoal III e as seguintes horas de formación: 130 horas para o grupo A; 120 horas para o grupo B; 110 horas para grupo C, e 80 horas para o grupo D/E, e avaliación favorable.

4. A carreira profesional comeza no grao inicial e o ascenso ao grao superior requirirá completar o período de permanencia mínimo, formación e avaliación favorable. Iso sen prexuízo dos supostos de homologación de graos xa recoñecidos no caso de persoal procedente doutras administracións públicas, así como o persoal adscrito ao Valedor do Pobo que se acolla ao proceso extraordinario de implantación establecido na disposición transitoria primeira e á exención prevista na disposición transitoria segunda.

5. A formación válida para acadar o correspondente grao de carreira profesional deberá ser realizada durante o tempo de prestación de servizos no grao de carreira profesional anterior ao grao que se pretende obter e formar parte da formación impartida no Valedor do Pobo, ou ser impartida por escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, universidades, administracións públicas ou por outras entidades, sempre que neste último caso contén con homologación oficial de escolas públicas. Serán acreditados co diploma expedido pola institución ou centro que o impartiu, no que figure o nome da empregada pública ou do empregado público, o título do curso e as horas lectivas.

Para estes efectos valoraranse os cursos relacionados coas funcións e actividades que se desenvollen na institución do Valedor do Pobo.

Para tal efecto non se valoran os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios ou similares, a non ser que se indique no diploma que son concedidos «con aproveitamento», nin os cursos de integración nun grupo, subgrupo, escala ou categoría nin cursos de prácticas derivados de procesos de selección ou provisión.

Así mesmo, valorarase a formación impartida pola empregada pública ou o empregado público ao servizo do Valedor do Pobo, nos centros e das materias indicados anteriormente, cinguíndose ao número de horas impartidas, con acreditación previa vía certificado expedido polo centro ou pola institución do Valedor do Pobo.

O Valedor do Pobo garantirá unha oferta formativa que permita conseguir o cumprimento dos requisitos para o acceso a cada un dos graos.

6. A avaliación de desempeño efectuarase atendendo en todo caso a principios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non-discriminación e conforme os principios de igualdade, mérito e capacidade.

7. O recoñecemento do grao suporá a plena incorporación ao réxime de carreira profesional regulado neste acordo, incluídos os efectos retributivos que se establecen para o primeiro grao como anexo a estas normas, que se percibirá nos termos do artigo 9 destas normas, de conformidade co artigo 52.3.c) do EPPG.

Artigo 5. Progresión no sistema de carreira profesional horizontal

1. A progresión no sistema de carreira profesional horizontal consistirá no ascenso consecutivo a cada un dos graos de carreira profesional previstos nestas normas, no corpo e escala en que a empregada pública ou o empregado público se atopen en servizo activo, computando como exercicio profesional o tempo efectivamente desempeñado.

2. O acceso a un grao de carreira profesional superior requirirá acreditar a formación, nos termos que se determinan no artigo 4 das presentes normas, valorando exclusivamente os méritos acadados durante o período en que o persoal permaneceu encadrado no grao inmediatamente inferior, e superar a correspondente avaliación.

3. A funcionaria ou o funcionario que acceda a un grupo de clasificación profesional superior mediante o sistema de promoción interna manterá o dereito a percibir o complemento de carreira correspondente aos graos recoñecidos na categoría de orixe. No suposto de que se teñan recoñecidos graos de diferentes categorías percibirase o correspondente a todos os graos recoñecidos, ata o límite de catro graos. De ter recoñecidos máis de catro, percibirá o complemento de carreira correspondente aos catro graos de maior contía.

Artigo 6. Situacións administrativas nas que se pode optar ao recoñecemento do grao de carreira profesional e exclusións

1. De acordo co disposto no artigo anterior, será requisito para o recoñecemento dun grao de carreira profesional completar o período de permanencia establecido, e para estes efectos será computado o tempo transcorrido nalgunha das seguintes situacións administrativas no Valedor do Pobo:

- a) Servizo activo
- b) Servizos especiais
- c) Servizos noutras administracións públicas
- d) Excedencia voluntaria por razón de violencia de xénero
- e) Excedencia voluntaria por coidado de fillos/as e familiares

f) Ou calquera outra situación administrativa que comporte reserva da praza ou do posto de traballo segundo a normativa aplicable ás empregadas públicas e aos empregados públicos do Parlamento de Galicia.

Non se procederá ao recoñecemento de graos na situación de suspensión de funcións declarada como consecuencia da tramitación dun procedemento xudicial ou expediente disciplinario.

2. A aquelas persoas que se atopen nas situacións administrativas diferentes á de servizo activo no Valedor do Pobo seralles recoñecido o tempo que permanezan nas situacións b), c), d), e) e f) para os efectos da súa carreira horizontal, con previa solicitude da persoa interesada. Os efectos económicos que derivan do dito recoñecemento comezará a devindicarse desde a súa incorporación ao servizo activo unha vez superada a correspondente avaliación, sen efectos retroactivos.

3. Os graos recoñecidos poderán manterse por un período de tempo indefinido e superior aos períodos mínimos de permanencia establecidos para cada grao.

Artigo 7. Procedemento para o recoñecemento do grao de carreira profesional

1. Por resolución do Valedor do Pobo convocarase anualmente, no primeiro cuatrimestre, o procedemento de recoñecemento de grao de carreira profesional para as empregadas e os empregados públicos incluídos no ámbito de aplicación destas normas.

2. As persoas interesadas deberán presentar, no prazo sinalado na convocatoria, a correspondente solicitude, acompañada da acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 4 destas normas para o grao de carreira profesional que pretendan acadar.

3. A Secretaría Xeral, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos dos solicitantes e, de ser o caso, reparadas as deficiencias observadas, dará traslado da solicitude e da documentación anexa á comisión de avaliación nomeada por resolución do valedor ou valedora do pobo. Unha vez avaliadas as correspondentes solicitudes remitiranse á Secretaría Xeral, que ditará a correspondente proposta de estimación ou desestimación do recoñecemento do grao. A mencionada proposta será sometida a fiscalización da Intervención, e posteriormente remitirase a proposta xunto co expediente completo ao valedor ou valedora do pobo.

4. No suposto de avaliacións negativas, abrirase un trámite adicional de alegacións para que a persoa interesada poida presentar as alegacións e a documentación complementaria que considere pertinente. No caso de que unha avaliación sexa finalmente negativa poderá presentarse unha nova solicitude transcorrido un ano desde a data de presentación da solicitude anterior.

5. O valedor ou valedora do pobo resolverá acordando o recoñecemento do grao de carreira profesional ás persoas solicitantes nos casos en que proceda de acordo con estas normas. Os recoñecementos de tramos de carreira producirán efectos económicos e administrativos na data sinalada na convocatoria.

6. No Portal de transparencia do Valedor do Pobo publicarase o número de empregadas e empregados por grao acadado dentro de cada grupo de clasificación.

Artigo 8. Desistencia

1. As persoas solicitantes poderán desistir da súa solicitude de recoñecemento do grao de carreira profesional antes da resolución daquela.

2. A desistencia comunicaranse por escrito ao valedor ou valedora do pobo, que a aceptará de plano, declarando concluído o procedemento de recoñecemento do grao de carreira profesional. Os efectos da solicitude de desistencia produciranse desde a data da aceptación polo valedor ou valedora do pobo.

3. A desistencia non imposibilita a solicitude e o recoñecemento do grao de carreira profesional en sucesivas convocatorias.

Artigo 9. *Retribución dos graos persoais*

1. O recoñecemento expreso dos distintos niveis persoais alcanzados no sistema de carreira profesional horizontal levará á percepción do importe anual asignado para este complemento, rateado en 12 mensualidades, de conformidade co artigo 52.3.c) do EPPG.

2. As contías correspondentes aos distintos graos persoais incluídos na carreira profesional horizontal das empregadas públicas e dos empregados públicos, segundo o grupo de clasificación en que se atope ao serlle recoñecido o grao, serán revisadas nos mesmos termos que os demais conceptos retributivos conforme os criterios da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. A persoa empregada pública que estea percibindo un complemento correspondente á carreira profesional e acceda a outro grupo de clasificación profesional deberá iniciar a carreira profesional horizontal no novo grupo de clasificación profesional, sen prexuízo de que siga percibindo as retribucións correspondentes ata acadar as do novo grupo de conformidade co disposto no artigo 5.3 destas normas.

4. Do carácter irreversible do acordo de recoñecemento dos graos da carreira profesional deriva que a súa remuneración sexa un emolumento consolidado.

Artigo 10. *Recoñecemento de graos de carreira profesional ás empregadas públicas e aos empregados públicos procedentes doutras administracións públicas*

As empregadas públicas e mais os empregados públicos procedentes doutras administracións públicas que, mediante os sistemas de selección ou provisión, pasen a ocupar postos de traballo no Valedor do Pobo comezarán o cómputo do período para o recoñecemento do grao inicial desde a súa incorporación a esta administración, agás que teñan recoñecido un complemento de carreira profesional na administración de procedencia, caso en que deberá ser previamente homologada pola Mesa do Parlamento tras a solicitude por parte da empregada ou do empregado, atendendo á equivalencia dos requisitos exixidos.

Disposición transitoria primeira. *Proceso extraordinario de implantación*

Con carácter extraordinario e por unha soa vez, efectuarase unha convocatoria no último cuadrimestre do ano 2018 para a implantación da carreira profesional no Valedor do Pobo dirixida ao persoal funcionario e laboral que se atope en servizo activo no momento de entrada en vigor destas normas.

O dito proceso permitirá, por solicitude previa das empregadas públicas e dos empregados públicos no prazo que indique a convocatoria, o recoñecemento do grao I. A devindicación do primeiro nivel producirase ao se acrediten cinco anos de servizos efectivos como funcionario de carreira ou interino nas diferentes administracións públicas e 25 horas, como mínimo, de formación en calquera dos ámbitos relacionados coas funcións e actividades que se desenvolven na institución, incluída a participación en tribunais de selección ou comisións de valoración de procesos de selección ou ter impartido formación nas dependencias do Valedor do Pobo ou fóra delas.

Neste caso, manteranse indemnes os restantes méritos con que conte a empregada pública ou o empregado público e que poderá empregar para o inmediato grao superior unha vez que transcorra o tempo exixido no grao I do proceso ordinario.

O pagamento producirase en dúas anualidades, distribuíndo unha porcentaxe do 80 % no ano 2019 e do 20 % no ano 2020.

Fóra deste proceso extraordinario, unicamente cabe desenvolver a carreira profesional de conformidade co proceso ordinario, sen prexuízo da exención do tempo recoñecida na disposición transitoria segunda.

Disposición transitoria segunda. *Exención do tempo de permanencia para o acceso ao grao II*

1. No segundo semestre do ano 2020 terá lugar a primeira convocatoria do proceso ordinario para o acceso ao grao II.

2. Na devandita convocatoria, o persoal funcionario que estea adscrito ao servizo do Valedor do Pobo e que acredite ter adquirida a condición de funcionario ou laboral en calquera administración pública anterior ao 31 de decembro de 2011 quedará exonerado do requisito de permanencia exixido no apartado 3 do artigo 4 destas normas.

3. En función das dispoñibilidades orzamentarias, o pagamento da cantidade que corresponda ao grao II efectuarase integramente desde o seu recoñecemento (12 mensualidades) ou, de ser o caso, poderase distribuír en dúas anualidades dos anos 2021 e 2022 cunha porcentaxe que determinará o Valedor do Pobo.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Dentro dos doce meses seguintes a que estas normas comecen a desprezar efectos económicos, negociarase o seu desenvolvemento normativo, no que se deberán recoller os criterios xerais de avaliación, o seu baremo e o procedemento, así como a composición da comisión encargada de efectuar de forma obxectiva as avaliacións previstas no seu articulado, atendendo en todo caso a principios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non-discriminación.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Estas normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Anexo I

Grupo	Grao I		Grao I	
			2019 (80%)	2020 (20%)
A	2.400,36 €		1.920,29 €	480,07 €
B	1.679,76 €		1.343,81 €	335,95 €
C	1.083,36 €		866,69 €	216,67 €
D	919,44 €		735,55 €	183,89 €
E	743,04 €		594,43 €	148,61 €

Importe pagadoiro en 12 mensualidades, agás os dous primeiros anos de implantación extraordinario do grao I

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2018

Milagros Otero Parga
Valedora do pobo

Intervido e conforme,
Carolina Costoya Pardo
Interventora do Parlamento e do Valedor do Pobo

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

Convocatoria para a implantación da carreira profesional do persoal funcionario ao servizo do Valedor do Pobo

En cumprimento da Resolución da valedora do pobo do 27 de decembro de 2018 pola que se aproban as Normas básicas da carreira profesional do persoal ao servizo da Institución do Valedor do Pobo, e segundo se establece na súa disposición transitoria primeira, ábrese o prazo de presentación de solicitudes para o recoñecemento do grao I de carreira profesional, dirixido ao persoal funcionario que se atope en servizo activo ao servizo do Valedor do Pobo no momento da entrada en vigor das normas.

A solicitude presentarse no formulario que se achega con esta convocatoria, que se deberá presentar no Rexistro do Valedor do Pobo xunto coa copia compulsada dos documentos que acrediten a formación mínima de 25 horas en calquera dos ámbitos relacionados coas funcións e actividades

que se desenvolven na institución, incluída a participación en tribunais de selección ou comisións de valoración de procesos de selección ou de ter impartido formación.

O prazo de presentación de solicitudes remata o luns 7 de xaneiro de 2019, ás 14.00 horas

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2018
Milagros Otero Parga
Valedora do pobo

PROCESO EXTRAORDINARIO DE IMPLANTACIÓN DA CARREIRA PROFESIONAL PARA O PERSOAL AO SERVIZO DO VALEDOR DO POBO

SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DO GRAO I

Disposición transitoria primeira da resolución da valedora do pobo pola que aproban as Normas básicas reguladoras da carreira profesional do persoal ao servizo da Institución do Valedor do Pobo.

NOME E APELIDOS:		
DNI:	Toma de posesión no Valedor do Pobo Data:	Servizos noutra Administración Si Data de toma de posesión:
CORPO OU ESCALA E GRUPO DE CLASIFICACIÓN:		
UNIDADE ADMINISTRATIVA:		

Solicita á valedora do pobo o recoñecemento do GRAO I da carreira profesional.

Achégase copia compulsada do documento que acredita a súa formación cun mínimo de 25 horas en calquera dos ámbitos relacionados coas funcións e actividades que se desenvolven na Institución, incluída a participación en tribunais de selección ou comisións de valoración de procesos de selección ou de ter impartido formación.

Relación de cursos, actividades formativas impartidas, tribunais ou comisións de valoración nos que participou, con referencia ao número de horas en cada un deles

Actividade	horas
Actividade	horas
Actividade	horas

Data:

Sinatura do/a empregado/a

Os datos de carácter persoal que se faciliten nesta solicitude quedarán rexistrados nun ficheiro da Institución do Valedor do Pobo, de conformidade co establecido no Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos.

Finalidade do tratamento: o Valedor do Pobo trata datos de carácter persoal a efectos de xestión e administración dos recursos humanos ao servizo do Valedor do Pobo. O tratamento dos datos de carácter persoal limitarase ao mínimo imprescindible para o cumprimento das súas funcións ao servizo desta Institución. Os datos persoais non serán tratados de maneira incompatible cos ditos fins nin para a adopción de decisións automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Lexitimación: o cumprimento de obrigas legais e exercicio de poderes públicos segundo o disposto no (art. 6.1 c) do RXPD.

Destinatarios: a Institución do Valedor do Pobo. Non está prevista a cesión destes datos a terceiros.

Exercicio de dereitos: as persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade dos datos ou oposición ao tratamento, a través da presentación das súas solicitudes na seguinte dirección de e-mail: valedor@valedordopobo.gal

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Tel. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727